



www.meteoroloxia.org

EXPO METEORO

Tempo e lingua

Falar do tempo é unha forma de romper o xeo nunha conversa. Seguro que a tradición provén do noso pasado agrícola, cando o tempo era o regulador fundamental da vida diaria. Isto reflíctese na abundancia de frases e refráns referidos ao clima e ao tempo.

Toponimia

Moita da toponimia galega vén determinada polo tempo ou polo clima propio desa zona:

As Neves

Casa do Vento

Corisco

Escuriscada

Fontefría

Frieira

Friol

Hospital de Bruma

Invernal

Mesón do Vento

Meixonfrío

Muíño do Vento

Neboade

Neboeiro

Orballeda

Outonais

Pedrazón

Penafría

Penaquente

Quenteira

Seteventos

Valfrío

Ventisca, A

Ventorrillo

Ventosela

Ventoso

Vilafriío

Vilariño Frío

Chuvia

- ★ A chuvia no agosto, non trae bon mosto, nin bon magosto, nin bon entrecosto
- ★ A chuvia mellor do ano vén o doce sin engano
- ★ A chuvia na eira non fai malladoiro
- ★ A inverno chuvioso, verán abondoso
- ★ Abril abrilado: mala cousa se non vén mollado
- ★ Aire zamorao, auga na mao
- ★ Arco da vella á mañanciña, prepara a capotiña
- ★ Andoriña que alta voa, non teme que chova
- ★ Arco da vella á tarde non vén de balde: se non trae chuvia, traerá aire
- ★ Arco da vella ó mediodía, chuvia para todo o día
- ★ Cando canta o cuco, tan pronto mollado como enxoitado
- ★ Cando do este chove, hastra as pedras move
- ★ Xiada encima de mollado, chove de contado

Neve

- ★ A curuxa de madrugada, vento ou xeadas
- ★ A neve de xaneiro fai o pan no eido
- ★ Ano nevento, ano farturento
- ★ Cando a serra se pon de touca, temos auga, moita ou pouca
- ★ En Santos, a neve polos altos; e en san Andrés, a neve polos pés

Xeo

- ★ Se xea o día de San Blas, vinte xeadas máis
- ★ Xunta de gatos, señal de xeadas

Bo tempo

- ★ A curuxa no ameixón, mortandá ou tempo bon
- ★ Anduriña moi adiantada, primaveira ben temprada
- ★ Arco da vella ó anoitecer, bo tempo ó amencer
- ★ Canta o sapo, tempo guapo
- ★ Xuño quente, millo valente

Mal tempo

- ★ A invernada de abril mata á porca no cubil
- ★ En xaneiro vive o home a carón do caldeiro
- ★ Néboa na montaña, pescador na cabaña

Frío

- ★ Moitas estrelas a brillar, frío seco vai chegar

Varios

- ★ A lúa como quinta, trinta
- ★ Pola noite de San Xoán pon a roupa na túa solán
- ★ Cando chove e fai sol, alegre está o pastor



ORGANIZA



XUNTA DE GALICIA

METEOGALICIA

PATROCINA

